

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO E REPARACIÓN DE PAVIMENTACIÓN, MOBILIARIO E SINALIZACIÓN VERTICAL DA REDE VIARIA MUNICIPAL (PLAN MELLORA LUGO 2016). EXPDTE. REF.: 22-2016. COMPROBACIÓN DO CUMPRIMENTO DA SOLVENCIA ECONÓMICA E TÉCNICA DOS MEMBROS DA UTE SIP-LIZCON.**

Sendo as 13:30 horas do día 25 de novembro de 2016, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello de Lugo e actuando como vogais don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello, don José María Seijas Fernández, arquitecto técnico do servizo de Enxeñería, don Manuel Louzao Aldariz Titular da Asesoría Xurídica e don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello de Lugo actuando como Secretario.

A Presidenta informa de que a mercantil Soluciones Inteligentes Profesionales S.L. e don Francisco Javier Liz Vázquez en UTE SIP-LIZCON foron seleccionados pola Mesa de Contratación e requiridos para a presentación da documentación necesaria para a adxudicación do contrato.

Unha vez analizada a documentación presentada en prazo, xurdiron dúbidas en relación coa acreditación da solvencia económica e técnica toda vez un dos membros da UTE é unha persoa física e non presenta as contas anuais que acrediten volume de negocio ou patrimonio neto. Tamén xorden dúbidas sobre cómo integrar a solvencia de ámbalas dúas licitadoras.

Conforme ao sinalado no artigo 24 do Real Decreto 1098/2001, de 12 outubro, que aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e a interpretación dada ao mesmo en numerosas ocasións (entre outras serva como exemplo a da Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales número 556/2013 de 29 de novembro de 2013), para a súa consideración, deberá procederse á acumulación da solvencia das empresas que forman a UTE, de xeito que se o seu sumatorio ou acumulación alcanza os niveis requiridos nos pregos deberá entenderse que a UTE alcanza a solvencia esixida.

Así, don Francisco Javier Liz Vázquez achega para a acreditación da solvencia económica o certificado resumo da declaración anual de IRPF dos anos 2014 e 2015 resultando unha base imponible positiva e un rendemento neto positivo no epígrafe relativo ás actividades económicas, concordante co recollido no modelo 390 dos ditos anos que tamén achega.

A mercantil SIP achega as contas anuais depositadas no Rexistro Mercantil do anos 2014 e 2015; este último con patrimonio neto positivo e cun importe neto de cifra de negocios inferior ao esixido para acreditar o volume anual de negocio.

**CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO**

XMCR/cbg

Refª: ACTA SOLVENCIA UTE SIP LIZCON

Asunto:

Agora ben, dado que os pregos permiten a acreditación da solvencia económica co patrimonio neto positivo, cumprindo este requisito a mercantil SIP e sendo tamén positivas as cifras reflectidas na documentación de don Francisco Javier Liz Vázquez, a Mesa entende cumprida a acreditación da solvencia económica.

En relación coa solvencia técnica a mercantil SIP presenta unha relación de facturas correspondentes a servizos realizados a este Concello os anos 2014, 2015 e 2016 (conformadas polo arquitecto técnico municipal) todos eles por importes inferiores á cifra sinalada no prego.

Agora ben, don Francisco Javier Liz achega relación de facturas correspondentes ao exercizo 2014 de servizos realizados a empresas privadas e similares aos obxecto deste contrato por importe superior ao esixido nos pregos.

Así pois aínda que a mercantil SIP non acada o importe esixido, sí o cumpre o outro membro da UTE, polo que a Mesa entende acreditada a solvencia técnica.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O SECRETARIO

A PRESIDENTA

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.

Asdo.: Ana Tabarés Martínez.